

Como podemos ver na imaxe o primeiro en entrar na CPU é o proceso P1 pois na orde de chegada é o primeiro da cola de procesos. O algoritmo SJF determina que ao entrar un proceso este ocupará a CPU ata que o mesmo remate, xa que o algoritmo é non expropiativo, así:

1. **Ciclo de CPU 1-Tempo de Chegada 0:** Entra o proceso P1 na CPU e acapara os ciclos da mesma ata o remate da súa execución, co cal acapara a CPU 4 ciclos da mesma.
2. **Ciclo de CPU 3-Tempo de Chegada 2:** Entra o proceso P4, mais como o algoritmo **SJF** é non expropiativo segue executándose o proceso P1 ata que remate a súa execución.
3. **Ciclo de CPU 5-Tempo de Chegada 4:** A continuación entra o proceso P4, xa que o algoritmo SJF determina que o proceso a entrar na CPU sexa aquel que ocupe menos ciclos da mesma. Así o proceso P4 soamente ocuparía a CPU 1 ciclo a diferenza do P3 que ocuparía a CPU 4 ciclos da mesma. Entón entra P4 que acapararía 1 ciclo de CPU.
4. **Ciclo de CPU 6-Tempo de Chegada 5:** Nesta situación temos 2 procesos en cola, o proceso P3 e o proceso P2, co cal o algoritmo SJF determina que o seguinte en entrar en cola é o que menos duración ocupe na CPU, entón entrará P3 ata que remate.
5. **Ciclo de CPU 10-Tempo de Chegada 9:** Entra P2 ata que remate.

--ricardofc 24 nov 2008